

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, para a realización de actuacións de normalización lingüística e de fomento da cultura galega.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas. As partes colaborarán na realización en lingua galega da XV Forxa Literaria das Artes. O contido da forxa abarca dende homenaxes a persoeiros da cultura galega ata recitais músico-poéticos. Os participantes nesta forxa literaria crean obra, trocan opinións, experiencias, sentimentos e participan nas actividades programadas (ponencias, mesas redondas, percorridos, contacontos, recitais poéticos,...). Así mesmo, editarán un libro cos poemas recitados e os resultados e conclusións da Forxa Literaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte



De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Que a Consellería de Cultura e Turismo considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega e a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que ten por como obxectivo principal manter vivo o Museo A Solaina de Piloño, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

